

I. DISPOSICIÓN XERAIS**PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA**

LEI 3/2017, do 13 de xullo, de impulso ao crecemento económico e reforzo do gasto social e de modificación da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.

Exposición de motivos

A Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017, establece o importe dos recursos do sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común. Así mesmo, consigna a contía definitiva da participación das comunidades no Fondo de Compensación Interterritorial (FCI), dedicado a corrixir os desequilibrios económicos interterritoriais.

En virtude do sinalado, a Comunidade Autónoma de Galicia ten asignadas para o ano 2017 unhas entregas á conta correspondentes aos rendementos do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF), do imposto sobre o valor engadido (IVE), dos impostos especiais (IIEE), das transferencias do Fondo de Garantía de Servizos Públicos Fundamentais e do Fondo de Suficiencia Global e unha liquidación do sistema de financiamento correspondente ao ano 2015, que, no seu conxunto, superan en 218.258.179 euros as previsións recollidas no estado de ingresos da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2017.

Pola contra, o FCI asignado á nosa Comunidade Autónoma no Comité de Investimentos Públicos foi de 44.343.360 euros, inferior polo tanto en 1.632.852 euros ao recollido nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

Por outra banda, na sesión do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD) do día 26 de abril de 2017 adoptouse por unanimidade acordar, en cumprimento da Sentenza do Tribunal Constitucional 9/2017, do 19 de xaneiro, ditada no conflito de competencias C-4777, que o futuro modelo de xestión do 0,7 % do IRPF sexa un modelo mixto xestionado pola Administración xeral do Estado e polas comunidades autónomas. Para posibilitar o desenvolvemento do devandito acordo, a Orde SSI/596/2017, do 23 de xuño, publica o acordo do Consello de Ministros desa mesma data no que se prevé a correspondente transferencia de fondos finalistas.



Estes recursos adicionais son os que financian as actuacións de apoio ao crecemento económico e reforzo do gasto social recollidas no articulado desta lei, que implican unha modificación do articulado da Lei 1/2017, do 8 de febreiro.

No que atinxe ás medidas de impulso, pódense clasificar en tres grandes grupos.

En primeiro lugar, a aprobación da Lei 3/2017, do 27 xuño, supón, en relación co título II da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, a concreción dos importes retributivos máximos que debe percibir o persoal do sector público autonómico. Neste aspecto, a norma estatal establece que as retribucións do persoal ao servizo do sector público non poderán experimentar un incremento global superior ao 1 % respecto das vixentes a 31 de decembro de 2016, en termos de homoxeneidade para os dous períodos, fixando, en consecuencia, a porcentaxe máxima á que se refire a disposición adicional décimo cuarta da Lei 1/2017, do 8 de febreiro. Procédese, así, nesta lei á dotación dos recursos adicionais dedicados a dar cobertura ao referido incremento.

Neste contexto, tamén resulta necesario habilitar as dotacións precisas nas transferencias ás universidades integrantes do Sistema universitario de Galicia para que no seu fondo de financiamento estrutural se incorporen os incrementos sinalados. Do mesmo xeito, os módulos económicos de distribución de fondos públicos para o sostemento de centros educativos concertados deben recoller os incrementos derivados da aplicación da mesma variación porcentual prevista na Lei 3/2017, do 27 de xuño, tal e como sinala a disposición adicional novena da devandita Lei 1/2017, do 8 de febreiro.

O segundo bloque de medidas resulta dedicado a reforzar as políticas de gasto social, nunha serie de actuacións prioritarias que terían recollido os orzamentos de contaren no momento da súa aprobación coa dotación abonda. Estamos a falar, no eido sanitario, dun aumento do financiamento da farmacia hospitalaria e do reforzo das dotacións de persoal do Servizo Galego de Saúde (Sergas) para a consolidación e o bo funcionamento de novas unidades asistenciais, así como do reforzo do programa de actividade cirúrxica, probas e consultas. No eido das políticas sociais, recóllese o deseño e a execución das actuacións de fomento para a realización de programas de interese xeral para atender fins de interese social, con cargo á asignación tributaria do IRPF que xestionarán as comunidades autónomas, o aumento da cobertura de servizos do SAAD autonómico, o aumento da dotación das prestacións da renda de integración social de Galicia (Risga) e unha orde de emprego dirixida á incorporación ao mercado de traballo dos perceptores da antedita renda, o aumento das dotacións para paliar a difícil situación que están a vivir os galegos de Venezuela e, por último, relacionando emprego e cohesión territorial, o impulso de actuacións de fomento do emprego no rural.



O terceiro bloque vai dedicado ás políticas de crecemento económico, mediante a dotación dos créditos precisos para o desenvolvemento das liñas prioritarias do Plan estratéxico de Galicia. Podemos agrupar estes en tres tipos.

En primeiro lugar, os investimentos nas persoas: desenvolvemento do plan de idiomas, contratación de investigadores e tecnólogos, proxectos de investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i) do Sistema universitario de Galicia, equipamento de centros de formación profesional, desenvolvemento do libro dixital, obras de mellora en centros educativos e investimento en cultura.

En segundo lugar, inclúe este bloque determinadas políticas sectoriais, concretamente, as dirixidas á promoción e potenciación do turismo, a aceleración das actuacións de mobilización de terras pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) e o reforzo das políticas de prevención contra incendios ante o ano especialmente seco que estamos a vivir. Así mesmo, recóllense as principais partidas que posibilitarán o lanzamento das accións de fomento da nova Axencia Galega da Industria Forestal.

Por último, integran este bloque os investimentos en infraestruturas, conservación e explotación de estradas, actuacións en solo industrial, melloras das infraestruturas portuarias e equipamento do auditorio de Lugo.

Pechan a lei tres disposicións derradeiras. A primeira modifica diversos preceptos da Lei 1/2017, do 8 de febreiro. Estas modificacións están determinadas pola integración das medidas anteriormente descritas no marco orzamentario da Comunidade Autónoma.

Ao respecto, o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, establece a posibilidade de modificar o límite de gasto non financeiro en función da variación dos ingresos do sistema de financiamento e fondos finalistas que incorpore a Lei de orzamentos xerais do Estado.

A exposición de motivos da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, xa indicaba a incerteza que entrañaba traballar con datos estimativos do sistema de financiamento e o carácter prudente deles e das correlativas partidas de gastos. En efecto, de cara a garantir a seguridade xurídica e a estabilidade do documento orzamentario, non se recollen ingresos non aprobados polos orzamentos do Estado e que, polo tanto, non se poderían ingresar efectivamente nin empregar en pagar as obrigas contraídas.



Esta situación extraordinaria remata coa aprobación da Lei 3/2017, do 27 de xuño, e a confirmación dos ingresos que definitivamente se percibirán no presente exercicio correspondentes aos pagamentos á conta do sistema de financiamento autonómico.

Polo tanto, de xeito extraordinario, asígnanse estes recursos adicionais a dotacións de crédito que reflicten necesidades adicionais inaprazables ás que amosan os actuais estados orzamentarios.

Na garantía do principio de universalidade orzamentaria, recóllense os estados consolidados de ingresos e gastos orzamentarios, logo da incorporación das partidas de ingresos e gastos ás que refire esta lei.

Hai que sinalar, por último, que as previsións de ingreso e límites de gasto dimanantes do establecido nesta normativa garanten o cumprimento das regras fiscais ás que están suxeitas as finanzas da Comunidade Autónoma en virtude da normativa vixente en materia de estabilidade orzamentaria.

As dúas disposicións derradeiras restantes regulan, respectivamente, a habilitación normativa e a entrada en vigor.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de autonomía de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, promulgo no nome do rei a Lei de impulso ao crecemento económico e reforzo do gasto social e de modificación da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.

Artigo 1. Determinación da porcentaxe aplicable para a adaptación do réxime e condicións retributivas do persoal ao servizo do sector público autonómico á normativa básica estatal e autorización dos créditos destinados á súa cobertura

1. Ao abeiro do previsto na disposición adicional décimo cuarta da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, as retribucións do persoal ao servizo do sector público reguladas no título II da citada lei experimentarán un incremento global do 1 %.

2. O persoal da Administración xeral da Comunidade Autónoma, organismos autónomos, axencias públicas autonómicas e entidades a que se refire o punto 5 da disposición transitoria terceira da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento



do sector público autonómico de Galicia, así como o do resto das entidades instrumentais, percibirá un pagamento único pola contía do dito incremento correspondente ao tempo no que o persoal estivese en activo no período transcorrido desde o 1 de xaneiro de 2017 ata a data na que se produza a regularización retributiva prevista nesta lei.

3. Os órganos estatutarios de Galicia realizarán as operacións precisas para aplicar ao seu persoal a medida recollida no número 2, co seu mesmo contido e alcance.

4. As universidades integrantes do Sistema universitario de Galicia e as súas entidades instrumentais dependentes realizarán as operacións precisas para aplicar ao seu persoal o sinalado no número 2 deste artigo.

5. Para a cobertura do disposto nos números anteriores establécense as seguintes regras:

a) Realízanse unha serie de dotacións consolidables que, mentres non se asignen ao seu definitivo subconcepto orzamentario, figurarán no concepto 180, «Incremento retributivo persoal sector público autonómico», polo importe preciso para asumir os custos nas correspondentes partidas do capítulo I, segundo a desagregación que consta no anexo I desta lei.

b) Dótanse contías adicionais nos créditos correspondentes ao fondo estrutural para atender os gastos dimanantes do incremento retributivo do persoal adscrito ao Sistema universitario de Galicia.

c) Créanse nas seccións 23 e 50 cadanseu fondo no concepto 530, «Incremento retributivo persoal sector público autonómico», para atender o financiamento do devandito incremento retributivo nos entes instrumentais de fóra do perímetro de consolidación que o precisen.

6. Ás transferencias que se realicen en execución do disposto nos números anteriores non lles serán aplicables nin as limitacións establecidas no artigo 68 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, nin as sinaladas no artigo 8 da Lei 1/2017, do 8 de febreiro.

Artigo 2. Determinación do incremento aplicable para 2017 aos módulos económicos para o sostemento dos centros concertados

1. Ao abeiro da disposición adicional novena da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, e conforme o previsto na Lei 3/2017, do 27 de xuño, a compoñente dos módulos económicos de



distribución de fondos públicos para o sostemento dos centros educativos concertados incrementarase no 1 %.

2. Para a cobertura do disposto no número anterior autorízanse as dotacións que figuran no anexo II desta lei.

Artigo 3. *Adopción de medidas para reforzar o gasto social*

1. De cara a reforzar o gasto social e a consecución dos obxectivos recollidos no Plan estratéxico de Galicia, destinaranse recursos adicionais para o financiamento das seguintes medidas:

a) Aumentar a cobertura dos servizos e prestacións recollidos na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

b) No eido da inclusión social, dotación adicional para as prestacións económicas da Risga.

c) Axudas e subvencións destinadas ao fomento da integración no mercado de traballo.

d) Actuacións adicionais de apoio á poboación emigrante en Venezuela.

e) Deseño e execución das actuacións de fomento para a realización de programas de interese xeral para atender fins de interese social, con cargo á asignación tributaria do IRPF que xestionará a Comunidade Autónoma.

f) Mellorar a calidade asistencial, minorar as listas de espera e consolidar a posta en marcha de novas unidades asistenciais, mediante maiores dotacións de farmacia hospitalaria e de gasto de persoal sanitario, e impulso dun plan de humanización de espazos e centros asistenciais.

g) Deseño de medidas de fomento do emprego no rural en liña coas actuacións de cohesión territorial e dinamización económica do medio rural.

2. O reflexo orzamentario destas medidas recóllese nas dotacións do anexo III.

Artigo 4. *Adopción de medidas para o impulso económico e a potenciación de actuacións de carácter estratéxico*

Coa finalidade de impulsar prioridades de actuación do Plan estratéxico de Galicia vinculadas ao crecemento económico que se considera preciso iniciar ou potenciar, autorízanse as dotacións que figuran no anexo IV desta lei.



Artigo 5. Financiamento

As dotacións previstas nos artigos anteriores financiaranse cos recursos adicionais detallados no anexo V desta lei, conforme o establecido na Lei 3/2017, do 27 xuño, e no Acordo do Consello de Ministros do 23 de xuño de 2017 publicado pola Orde SSI/596/2017.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, co fin de recoller os recursos adicionais e os novos créditos previstos nos anexos desta lei*

1. Modifícanse os números Un, Dous, Tres e Catro do artigo 2, que quedan redactados como segue:

«Un. Nos estados de gastos consolidados dos orzamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma, dos seus organismos autónomos e das súas axencias públicas autonómicas conségnanse créditos por importe de 11.029.406.151 euros, distribuídos da forma seguinte:

	Cap. I-VII Gastos non financeiros	Cap. VIII Activos financeiros	Cap. IX Pasivos financeiros	Total
Administración xeral	4.752.526.500	94.895.399	1.590.182.345	6.437.604.244
Organismos autónomos	3.827.950.279	18.148.867	0	3.846.099.146
Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento	1.875.887	0	0	1.875.887
Axencias públicas autonómicas	686.424.751	39.405.775	17.996.348	743.826.874
Total	9.268.777.417	152.450.041	1.608.178.693	11.029.406.151»

As transferencias internas entre os orzamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma, dos organismos autónomos e das axencias públicas representan 4.360.874.133 euros, distribuídos segundo o seguinte detalle:

Orixe	Destino			
	Organismos autónomos	Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento	Axencias públicas autonómicas	Total
Administración xeral	3.648.799.170	1.875.687	690.674.929	4.341.349.786
Organismos autónomos	0	0	19.524.347	19.524.347
Total	3.648.799.170	1.875.687	710.199.276	4.360.874.133



Dous. A desagregación dos créditos consonte a finalidade á que van destinados establécese desta maneira:

Funcións	Importe
11 Alta dirección da Comunidade Autónoma	36.484.972
12 Administración xeral	68.801.089
13 Xustiza	135.458.611
14 Administración local	13.273.610
15 Normalización lingüística	7.036.939
16 Procesos electorais e órganos de representación política	5.945.410
21 Protección civil e seguridade	25.597.038
31 Acción social e promoción social	696.761.168
32 Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo	247.349.952
33 Cooperación exterior e ao desenvolvemento	4.517.518
41 Sanidade	3.729.544.300
42 Educación	2.236.951.647
43 Cultura	64.695.516
44 Deportes	19.251.408
45 Vivenda	57.730.076
46 Outros servizos comunitarios e sociais	102.563.939
51 Infraestruturas	301.731.354
52 Ordenación do territorio	17.469.501
53 Promoción de solo para actividades económicas	35.425.275
54 Actuacións ambientais	121.734.894
55 Actuacións e valorización do medio rural	140.222.133
56 Investigación, desenvolvemento e innovación	140.524.833
57 Sociedade da información e do coñecemento	99.388.334
58 Información estatística básica	4.383.801
61 Actuacións económicas xerais	31.092.354
62 Actividades financeiras	50.822.129
71 Dinamización económica do medio rural	343.312.617
72 Pesca	93.625.218
73 Industria, enerxía e minaría	59.324.505
74 Desenvolvemento empresarial	122.982.326
75 Comercio	16.545.731
76 Turismo	49.525.835
81 Transferencias a entidades locais	127.067.932
91 Débeda pública	1.822.264.186
Total	11.029.406.151



Tres. A distribución orgánica e económica do orzamento consolidado é como segue:

Capítulos	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	Total
Parlamento	9.479.891	6.004.590	0	2.633.886	0	566.982	1.800	113.200	0	18.800.349
Consello de Contas	5.461.031	1.027.031	0	11.705	0	455.080	0	36.061	0	6.990.908
Consello da Cultura Galega	1.341.735	900.100	0	30.800	0	213.200	0	0	0	2.485.835
Presidencia da Xunta de Galicia	9.321.672	7.929.711	0	55.203.857	0	4.528.267	108.537.743	94.321.138	526.104	280.368.492
Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	123.582.941	34.769.320	37.036	52.649.654	0	36.307.378	15.637.638	50.000	0	263.033.967
Consellería de Facenda	18.526.868	894.486	3.000	23.415.090	0	2.206.506	9.289.606	0	0	54.335.556
Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio	27.851.775	3.635.950	0	4.367.750	0	31.506.960	45.409.966	0	0	112.772.401
Consellería de Infraestruturas e Vivenda	8.139.242	1.028.249	0	43.097.110	0	4.366.485	304.314.778	0	0	360.945.864
Consellería de Economía, Emprego e Industria	49.475.477	26.742.086	0	212.748.331	0	10.339.935	178.596.700	0	0	477.902.529
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	1.356.459.638	216.578.288	59.842	622.236.218	0	58.552.745	89.820.345	375.000	1.592.055	2.345.674.131
Consellería de Sanidade	45.234.528	1.934.600	0	3.331.951.809	0	21.172.897	129.923.260	0	0	3.530.217.094
Consellería de Política Social	124.592.439	187.031.430	0	339.609.897	0	6.448.791	12.629.081	0	0	670.311.638
Consellería do Medio Rural	129.468.508	6.793.124	0	13.107.501	0	102.533.479	273.022.120	0	0	524.924.732
Consellería do Mar	29.597.926	2.606.426	0	3.389.529	0	34.851.653	74.158.304	0	0	144.603.838
Consello Consultivo de Galicia	1.716.623	294.927	0	0	0	101.000	0	0	0	2.112.550
Transferencias a corporacións locais	0	0	0	122.182.132	0	0	0	0	0	122.182.132
Débeda pública da Comunidade Autónoma	0	0	234.200.000	0	0	0	0	0	1.588.064.186	1.822.264.186
Gastos de diversas consellarías	3.183.496	16.952.827	0	8.831.210	5.539.594	4.520.701	0	0	0	39.027.828
Administración xeral	1.943.433.790	515.123.145	234.299.878	4.835.466.479	5.539.594	318.672.059	1.241.341.341	94.895.399	1.590.182.345	10.778.954.030



Capítulos	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	Total
Escola Galega de Administración Pública	1.054.380	1.578.487	0	502.710	0	134.569	0	0	0	3.270.146
Academia Galega de Seguridade Pública	711.308	1.898.906	0	0	0	28.038	0	0	0	2.638.252
Instituto Galego de Estatística	2.788.540	326.433	0	0	0	1.046.397	0	0	0	4.161.370
Instituto Galego da Competencia	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Instituto de Estudos do Territorio	2.016.302	78.847	0	37.975	0	508.019	0	0	0	2.641.143
IGVS	8.519.364	4.448.450	150.000	6.664.600	0	35.466.388	20.407.682	17.498.867	0	93.155.351
Instituto Galego do Consumo e da Competencia	4.666.295	723.191	0	188.000	0	581.741	12.000	0	0	6.171.227
Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral	5.103.689	595.972	0	0	0	333.000	0	0	0	6.032.661
Servizo Galego de Saúde	1.613.360.195	1.086.134.845	0	790.264.172	31.917.175	127.429.369	4.195.000	650.000	0	3.653.950.756
Fondo Galego de Garantía Agraria	4.211.659	518.378	0	9.580	0	1.622.398	87.240.572	0	0	93.602.587
Organismos autónomos	1.642.431.732	1.096.303.509	150.000	797.667.037	31.917.175	167.149.919	111.855.254	18.148.867	0	3.865.623.493
Consello Económico e Social de Galicia	559.488	265.345	0	0	0	0	0	0	0	824.833
Consello Galego de Relacións Laborais	639.996	370.189	0	34.200	0	6.669	0	0	0	1.051.054
Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento	1.199.484	635.534	0	34.200	0	6.669	0	0	0	1.875.887
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia	11.641.117	9.114.757	0	782.775	0	62.384.026	5.469.676	0	9.995.983	99.388.334
Axencia de Turismo de Galicia	10.633.263	5.200.500	0	4.567.014	0	21.688.795	7.130.488	305.775	0	49.525.835
Axencia Galega de Emerxencias	462.250	152.633	0	0	0	6.803.880	0	0	0	7.418.763
Axencia Tributaria de Galicia	12.010.539	2.110.272	0	0	0	290.000	0	0	0	14.410.811
Cixtec	5.095.771	1.040.082	0	0	0	7.923.209	0	0	0	14.059.062
Axencia Galega de Infraestruturas	12.339.237	807.807	177.890	7.432.000	0	223.371.041	21.587.066	0	0	265.715.041
Axencia Galega de Innovación	4.501.789	516.401	0	7.073.175	0	9.475.000	38.153.050	5.500.000	1.000.000	66.219.415
Instituto Galego de Promoción Económica	5.753.561	2.135.301	118.761	3.771.937	0	17.605.674	27.996.727	33.600.000	7.000.365	97.982.326
Instituto Enerxético de Galicia	1.466.553	371.695	0	187.500	0	234.378	27.252.463	0	0	29.512.589
Axencia Galega das Industrias Culturais	2.380.304	650.000	1.000	993.644	0	1.630.719	5.000.000	0	0	10.655.667
Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde	1.500.845	647.268	0	8.000	0	1.349.879	0	0	0	3.505.992



Capítulos	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	Total
Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos	9.518.500	14.661.903	0	0	0	82.000	0	0	0	24.262.403
Axencia Galega de Servizos Sociais	10.544.841	2.000.000	0	0	0	675.000	0	0	0	13.219.841
Axencia Galega de Desenvolvemento Rural	3.229.177	634.591	0	0	0	147.500	34.267.637	0	0	38.278.905
Instituto Galego de Calidade Alimentaria	932.143	640.442	447	0	0	1.223.180	0	0	0	2.796.212
Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia	2.006.619	342.333	0	0	0	526.726	0	0	0	2.875.678
Axencia Galega da Industria Forestal	0	900.000	0	0	0	0	3.100.000	0	0	4.000.000
Axencias públicas autonómicas	94.016.509	41.925.985	298.098	24.816.045	0	355.411.007	169.957.107	39.405.775	17.996.348	743.826.874
Total orzamento bruto	3.681.081.515	1.653.988.173	234.747.976	5.657.983.761	37.456.769	841.239.654	1.523.153.702	152.450.041	1.608.178.693	15.390.280.284
Total transferencias internas		19.524.347		3.496.694.572			844.655.214			4.360.874.133
Total orzamento consolidado	3.681.081.515	1.634.463.826	234.747.976	2.161.289.189	37.456.769	841.239.654	678.498.488	152.450.041	1.608.178.693	11.029.406.151

Catro. Nos estados de ingresos dos orzamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma, nos dos seus organismos autónomos e nos das axencias públicas autonómicas recóllense as estimacións dos dereitos económicos que se prevén liquidar durante o exercicio, por un importe consolidado de 11.029.406.151 euros, distribuídos da seguinte forma:

	Cap. I-VII Ingresos non financeiros	Cap. VIII Activos financeiros	Cap. IX Pasivos financeiros	Total
Administración xeral e órganos estatutarios	8.736.109.897	22.179.632	2.020.664.501	10.778.954.030
Organismos autónomos	216.169.323	655.000	0	216.824.323
Entidades públicas instrumentais	200	0	0	200
Axencias públicas autonómicas	16.625.464	7.002.134	10.000.000	33.627.598
Total	8.968.904.884	29.836.766	2.030.664.501	11.029.406.151»

2. Modifícanse os números Un e Dous do artigo 54, que quedan redactados como segue:

«Un. Conforme o indicado na disposición adicional quinta da Lei 14/2010, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011, a porcentaxe de participación do Fondo de Cooperación Local na recadación líquida dos



capítulos I, II e III do orzamento de ingresos da Administración xeral, homoxeneizados como se indica no parágrafo seguinte, queda establecida no 2,3787935 % para o exercicio de 2017.

O índice de evolución correspondente á recadación dos capítulos I, II e III do orzamento de ingresos, homoxeneizada coas variacións dos tipos impositivos estatais do imposto sobre o valor engadido e dos impostos especiais comunicadas polo Estado para ese exercicio, é positivo con respecto á de 2011, que é utilizada na determinación da porcentaxe de participación sinalada.

En consecuencia, en 2017 repartirase fondo adicional entre os concellos e a porcentaxe de participación desagregase da forma seguinte:

- Un 2,2846702 % corresponde ao fondo base.
- Un 0,0941233 % corresponde ao fondo adicional.

Dous. O crédito orzamentario inicial destinado ao pagamento das entregas á conta correspondentes á participación das entidades locais nos tributos da Comunidade Autónoma ascende a 117.627.033 euros, dos que 112.972.806 euros corresponden ao fondo base e 4.654.227 ao fondo adicional».

3. Engádesse unha nova disposición adicional décimo oitava, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo oitava. *Porcentaxe de créditos afectados á dotación artística*

Para a aplicación do previsto no apartado 1 do artigo 119 da Lei 5/2016, do 16 de maio, de patrimonio cultural de Galicia, a porcentaxe correspondente a 2017 será do 2 %».

4. Modifícase o anexo IV, que queda redactado como segue:

«Anexo IV

Artigo 52

Conforme o disposto nese artigo, os importes anuais e a desagregación dos módulos económicos por unidade escolar nos centros concertados dos distintos niveis e modalida-



des educativas quedan establecidos con efectos do 1 de xaneiro, e ata o 31 de decembro de 2017, do seguinte xeito:

Educación infantil:**(Ratio profesor/unidade: 1,08:1)**

Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	31.868,70
Gastos variables	4.120,71
Complemento retributivo da Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais	5.509,58
Outros gastos	6.192,47
Importe total anual	47.691,46

Educación primaria:**Centros de ata 6 unidades de primaria:****(Ratio profesor/unidade: 1,40:1)**

Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	41.311,28
Gastos variables	5.341,66
Complemento retributivo da Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais	7.142,05
Outros gastos	6.192,47
Importe total anual	59.987,46

Centros de máis de 6 unidades de primaria:**(Ratio profesor/unidade: 1,36:1)**

Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	40.130,97
Gastos variables	5.189,04
Complemento retributivo da Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais	6.938,00
Outros gastos	6.192,47
Importe total anual	58.450,48

Educación especial (niveis obrigatorios e gratuítos):**I. Educación básica primaria:****(Ratio profesor/unidade: 1,12:1)**

Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	33.049,04
Gastos variables	4.273,33
Complemento retributivo da Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais	5.713,61
Outros gastos	6.601,99
Importe total anual	49.637,97



Persoal complementario (logopeda, fisioterapeuta, axudante técnico educativo, psicólogo-pedagogo, traballador social, mestre especialidade de audición e linguaxe e coidador), segundo deficiencias:

Psíquicos	20.413,69
Autistas ou problemas graves de personalidade	23.574,43
Auditivos	18.994,13
Plurideficientes	23.574,43

II. Programas de formación para a transición á vida adulta:

(Ratio profesor/unidade: 2:1)

Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	59.016,11
Gastos variables	5.006,22
Complemento retributivo Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais	10.202,90
Outros gastos	9.291,53
Importe total anual	83.516,76

Persoal complementario (logopeda, fisioterapeuta, axudante técnico educativo, psicólogo-pedagogo, traballador social, mestre especialidade de audición e linguaxe e coidador), segundo deficiencias:

Psíquicos	32.593,27
Autistas ou problemas graves de personalidade	36.243,30
Auditivos	25.253,31
Plurideficientes	36.243,30

Educación secundaria obrigatoria:

I. Primeiro e segundo curso:

Centros de ata 4 unidades de ESO:

(Ratio profesor/unidade: 1,56:1)

Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	54.056,42
Gastos variables	9.860,52
Complemento retributivo da Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais (*)	10.792,58
Outros gastos	8.035,09
Importe total anual	82.744,61

Centros de máis de 4 unidades de ESO:

(Ratio profesor/unidade: 1,52:1)

Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	52.670,36
Gastos variables	9.607,70
Complemento retributivo da Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais (*)	10.515,87
Outros gastos	8.035,09
Importe total anual	80.829,02



II. Terceiro e cuarto curso:**Centros de ata 4 unidades de ESO:****(Ratio profesor/unidade: 1,84:1)**

Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	63.758,86
Gastos variables	11.630,35
Complemento retributivo da Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais	9.614,80
Outros gastos	8.863,44
Importe total anual	93.867,45

Centros de máis de 4 unidades de ESO:**(Ratio profesor/unidade: 1,66:1)**

Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	57.521,58
Gastos variables	10.492,62
Complemento retributivo da Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais	8.674,21
Outros gastos	8.863,44
Importe total anual	85.551,85

Ciclos formativos:**(Ratio profesor/unidade grao medio: 1,52:1)****(Ratio profesor/unidade grao superior: 1,52:1)****Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais:**

Grupo 1. Ciclos formativos de grao medio de 1.300 a 1.700 horas:	
Primeiro curso	51.417,23
Segundo curso	0,00
Grupo 2. Ciclos formativos de grao medio de 2.000 horas:	
Primeiro curso	51.417,23
Segundo curso	51.417,23
Grupo 3. Ciclos formativos de grao superior de 1.300 a 1.700 horas:	
Primeiro curso	51.417,23
Segundo curso	0,00
Grupo 4. Ciclos formativos de grao superior de 2.000 horas:	
Primeiro curso	51.417,23
Segundo curso	51.417,23



II. Gastos variables:

Grupo 1. Ciclos formativos de grao medio de 1.300 a 1.700 horas:

Primeiro curso	6.596,12
Segundo curso	0,00

Grupo 2. Ciclos formativos de grao medio de 2.000 horas:

Primeiro curso	6.596,12
Segundo curso	6.596,12

Grupo 3. Ciclos formativos de grao superior de 1.300 a 1.700 horas:

Primeiro curso	7.099,55
Segundo curso	0,00

Grupo 4. Ciclos formativos de grao superior de 2.000 horas:

Primeiro curso	7.099,55
Segundo curso	7.099,55

III. Complemento retributivo da Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais:

Ciclos formativos de grao medio	7.942,66
Ciclos formativos de grao superior	7.942,66

IV. Outros gastos:

Grupo 1. Ciclos formativos de:

Animación turística.

Condución de actividades físico-deportivas no medio natural.

Estética persoal decorativa.

Hixiene bucodental.

Química ambiental.

Primeiro curso	10.433,88
Segundo curso	2.428,43

Grupo 2. Ciclos formativos de:

